

NORMAS DE USO DOS MINIORTÁTILES E-DIXGAL

Estas normas van dirixidas aos usuarios/as do proxecto E-DIXGAL, que no presente ano académico 2021-2022 son os profesores/as e alumnos/as de ESO. O seu obxectivo é garantir o bo funcionamento e a duración dos materiais que integran as aulas E-DIXGAL.

Protocolo para a entrega, uso e recollida, dos miniportátiles

1. O portátil do/a profesor/a e os miniportátiles dos/as alumnos/as son para o uso exclusivo do profesorado e alumnado integrado no proxecto E-DIXGAL. Os/As alumnos/as non poden utilizar o portátil do/da profesor/a.
2. Os miniportátiles dos/as alumnos/as usaranse sempre baixo a supervisión dun profesor/a.
3. Os/As alumnos/as axudantes E-DIXGAL son elixidos polos titores/as.
4. Os/As alumnos/as axudantes deben limpar as súas mans co xel hidroalcolico antes e despois de coller os miniportátiles do carro de carga e llos entregarán aos/ás compañeiros/as á 1ª hora da mañá.
5. Independentemente da aula na que se atope o/a alumno/a, sempre collerá o número de miniportátil que ten asignado por orde de lista.
6. O/A alumno/a collerá o miniportátil, que lle será entregado polo/a alumno/a axudante EDIXGAL, coas dúas mans para evitar posibles caídas.
7. A devolución dos miniportátiles ao carro de carga farana os/as alumnos/as axudantes previa limpeza e desinfección dos mesmos á 6ª hora (ou 8ª se é pola tarde), e na mesma orde e do mesmo xeito que á entrega. Os miniportátiles se deixarán no oco correspondente ao seu número (por ex. 1ªA-01 = 1º ESO A + miniportátil 01; 1ªA-02; 1ªA03 etc.) Os/As alumnos/as axudantes deben limpar as súas mans co xel hidroalcolico antes e despois de deixar os miniportátiles no carro de carga.
8. O/A alumno/a non acenderá o miniportátil ata que reciba a orde expresa do/a profesor/a, o apagará cando este/a llo indique e sempre permanecerá enriba da mesa.
9. Non se colocarán obxectos sobre o miniportátil nin sobre o seu teclado, e se procurará ter a mesa o máis baleira posible para que teña suficiente espazo.
10. Evitarase tocar a pantalla do miniportátil con calquera obxecto que non sexa o seu punteiro e para o uso do teclado teranse as mans limpas.
11. Cando o/a alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, apagará e pechará o miniportátil, e o deixará enriba da súa mesa.
12. Cando se produza unha incidencia no manexo do miniportátil, o/a alumno/a levantará a man e agardará que o/a profesor/a o poida atender, procurando interromper a clase o menos posible. Será anotada na Folla de Incidencias polo/a profesor/a.
13. Os/as alumnos/as gardarán tódalas tarefas realizadas na clase segundo indique o/a profesor/a: nunha memoria USB, no cartafol ALUMNOS do seu miniportátil ou serán enviadas por correo electrónico.

RESPONSABILIDADES E INCIDENCIAS

Os/As alumnos/as que utilizan os portátiles das aulas E-DIXGAL son responsables de que estean sempre en bo estado e funcionamento, polo que deben comunicar ao coordinador E-DIXGAL/ABALAR calquera incidencia que ocorra para que se proceda coa maior brevidade á súa reparación ou substitución, (para tales efectos atópase unha Folla de Incidencias no caixón da mesa do profesor/a).

Incidentes por uso ou comportamento inaxeitado

Calquera desobediencia por parte do/a alumno/a dos protocolos de uso do miniportátil ou desatención, perturbación, e manexo indebido, poderá levar ao/á profesor/a á retirada deste durante a sesión de clase. Asimesmo, as incidencias poderán ser sancionadas como faltas leves ou graves segundo o R.R.I. do noso centro.

Responsabilidades do alumno

1. Os/As alumnos/as están obrigados a reparar os danos que causen, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, aos materiais da aula, incluídos os equipos informáticos e o software, e a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Asimesmo, están obrigados a restituír o substraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou titores/as legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. O réxime de responsabilidade e reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan e que figuren no R.R.I.

Considérase de especial gravidade...

3. A difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
4. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais da aula, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO EDIXGAL



4. CARACTERÍSTICAS DO PORTÁTIL E COMO SE DEBE CONECTAR Á REDE NA AULA E NA CASA

O/A teu/túa fillo/a dispón desde hoxe deste PC Portátil HP ProBook x360 11 G1 EE, que pode ser utilizado tanto no modo portátil como no modo tableta.

No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI seguindo estes sinxelos pasos:

Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
Seleccionar a rede WIFI á que se desexa conectar.
Introducir o contrasinal e premer o botón conectar.

Tamén pode conectar o equipo a unha rede fixa. Se esta rede proporciona direccións de xeito automático (mediante DHCP), unha vez conectado o equipo, o/a alumno/a non terá que realizar ningún tipo de configuración. Se non é así pode conectar o equipo seguindo estes sinxelos pasos:

Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
Seleccionar Editar as conexións.
Premer Engadir.
Seleccionar Cableada.
Na lapela Configurar IPv4 introducir os valores axeitados da conexión cableada.
Premer o botón gardar.

7. EN CASO DE AVARIAS OU DÚBIDAS, CONTACTANOS

Se che xorden dúbidas sobre o uso da plataforma ou tes unha incidencia técnica podes contactar co **Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento** de luns a domingo a calquera hora, a través do teléfono 881 86 99 00 e no correo electrónico soporte.premium@edu.xunta.es.

O Servizo Premium encargárase da resolución de avarías, incidencias, problemas e a aclaración de dúbidas e consultas sobre as ferramentas ou o equipamento que pais, nais, profesorado ou alumnado poidan ter no Proxecto Educación Dixital.

Proximamente tamén poderás contactar a través da web, de redes sociais ou de mensaxería instantánea.

Ademais, para axilizar a resolución de incidencias tes á túa disposición no equipo portátil unha aplicación "Acerca da Maqueta Abalar" que, a través dun Código QR, simplificará a creación da incidencia ou consulta.

8. SEGUIE A ACTIVIDADE EDUCATIVA DO TEU/TÚA FILLA

Abalar pon á túa disposición diferentes canles online, a través do portal "espazoAbalar" e da aplicación móbil "abalarMóbil", para que poidas seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/a e contactar co seu equipo docente.

espazoAbalar

No espazo "familias" do Portal espazoAbalar <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> podes consultar toda a información académica do/a teu/túa fillo/a:

Datos persoais do/a alumno/a.
Cualificacións.
Información relativa ao curso no que está, como o grupo, horario ou as materias que cursa.
Condutas contrarias á convivencia.
Calendario académico.
Subscribirte ás novidades académicas do/a teu/túa fillo/a, que recibirá como notificacións a través de correo electrónico.
Xustificar faltas.
Concertar citas co profesorado.
Servizos complementarios: as paradas do transporte escolar, o menú do comedor.
Realizar o pago telemático do comedor.
Acceder ao repositorio de contidos educativos.

5. QUE SE PODE E QUE NON SE PODE FACER CO PORTÁTIL?

O/A teu/túa fillo/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado. Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais, non poderá cederse a terceiras persoas. A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado. Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo.
O/A teu/túa fillo/a comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.
O ordenador deberá devolverse ao rematar o curso e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
O profesorado e o/a coordinador/a E-DIXGAL do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.

6. QUEN É RESPONSABLE DO PORTÁTIL?

A responsabilidade do correcto coidado do uso e do equipo recae nos/as pais/nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que podan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

Xúntase o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.



O portal conta cunha guía explicativa de como acceder a todos estes servizos. **App abalarMóbil**

Ademais da web, o proxecto Abalar ofrécete a opción de seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/a desde calquera lugar e en calquera momento desde o teu móbil ou tableta coa **app abalarMóbil**.

Pódela descargar dende Apple store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android) para:

Acceder a datos persoais.
Consultar as cualificacións.
Comprobar e xustificar as faltas de asistencia.
Condutas contrarias á convivencia.
Solicitar unha cita de tutoría.
Consultar os datos do centro educativo.
Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
Consultar as incidencias creadas polo profesorado.
Modificar o idioma da aplicación.